

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 15/11/2021  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
LINO MOURIÑO SANTIAGO

Lista de non asistentes

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 15/11/2021 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08-nov-2021, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2021/4101**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Toldos Gomez S.L. para o reposición de carpas de eventos polo mal estado das existentes, por un importe total de 5.989,50€ (IVE incluído), con cargo ás seguintes partidas

334-213 importe 1.497,38€

432-213 importe 1.497,38€

2314-213 importe 1.497,38€

4311-22199 importe 1.497,38€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/4102**

Dáse conta da comunicación da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en relación coa celebración de bingos por parte da Asociación Xuvenil Arousa Moza no local situado na rúa Castelao 5 1º, os venres e sábados de novembro ata 31/12/2021, e tendo en conta que non dispón dita asociación de autorización municipal para celebrar ditos bingos. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á asociación que deberán indicar día hora para acceder ao local propiedade do Concello situado na rúa Castelao 5, coa finalidade de que os membros da asociación recollan os obxectos que lle pertenezcan e que alí se atopan.

Así mesmo este acordo será obxecto de comunicación a Arousa Moza, ao Presidente do Liceo Casino e á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

#### **PRP2021/4103**

Dáse conta do escrito de D. David Blanco García e outros cidadáns manifestando o rexeitamento a iniciativa de realizar unha biblioteca nas instalacións do Liceo Casino por parte do Concello de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/4104**

Dáse conta da comunicación de portos de Galicia de resolución de finalización de expediente administrativo sancionador por execución de obras sen autorización (cambio de marquesiñas bus nos postos de Vilaxoán e Carril), xa que dita colocación responde meramente á reposición de elementos xa existentes e non se produce unha ampliación ou modificación da ocupación. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/4105**

Dáse conta da Resolución do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra de autorización para instalación dun espello por seguridade viaria na estrada PO-305, confluencia da rúa Bouza de Cea. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/4106**

Dáse conta da publicación no BOP de 5 de novembro de 2021 do Calendario Laboral 2022 na Comunidade Autónoma de Galicia:

##### **Primeiro.-Festas laborais de carácter xeral**

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 97/2021, do 10 de xuño, da Xunta de Galicia, as festas laborais de carácter retribuído e non recuperable no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 serán as seguintes:

01 de xaneiro	...	Ano novo
06 de xaneiro	...	Epifanía do Señor (Día de Reis)
14 de abril	...	Xoves Santo
15 de abril	...	Venres Santo
17 de maio	...	Festa do Traballo
24 de xuño	...	San Xoán
25 de xullo	...	Santiago Apóstol–Día Nacional de Galicia
15 de agosto	...	Asunción da Virxe
12 de outubro	...	Festa Nacional de España
1 de novembro	...	Todos os Santos
06 de decembro	...	Día da Consitución Española
08 de decembro	...	Inmaculada Concepción

##### **Segundo.-Festas laborais de carácter local**

Ao abeiro do disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, artigo 2 do Decreto 81/2019, do 27 de xuño e o artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, a proposta do Pleno dos respectivos concellos, as seguintes festas de ámbito local:

VILAGARCÍA DE AROUSA :

23 de maio Santa Rita (día posteiro á festividade de Sta. Rita)

16 de agosto San Roque

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/4121**

Vista a proposta do Servizo de Promoción Educativa, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Jose Feijoo Vilas para a reparación de piso no patio cuberto do ceip anexo A Lomba(man de obra e materiais), por un importe total de 7.018,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/4132**

Vista a Proposta da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigação a favor de **Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais**, polo importe de 200.000,00 €, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da Fundación do ano 2021, con cargo á partida 342.410.

#### **PRP2021/4155**

Dáse conta do escrito de Dona Margarita González Bertola presidenta da Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos, sobre a circulación de peóns e vehículos na rúa Alexandre Bóveda, en relación á proximidade ás zonas nas que está prevista a instalación de postos de venda ambulantes. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o informe da Policía Local respecto ao asunto á Sra. González Bertola e aos grupos municipais de Esquerda Unida e Partido Popular.

#### **PRP2021/4156**

Dáse conta da solicitude dos Equipos comarcais de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a impartición do curso de aplicación de produtos fitosanitarios, dentro do programa "Servizo de impartición de accións formativas no marco da estratexia de Inclusión Social de Galicia destinada a persoas en situación ou risco de exclusión social", a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a impartición de dito curso que consistirá nunha simulación de aplicación de produtos fitosanitarios nos Xardíns do Dr. Fleming o día 30 de novembro ou 1 de decembro de 2021.

### **EMPREGO**

#### **PRP2021/4069**

Dáse conta de proposta da Concellería de Promoción Económica para a celebración do Mercado de Nadal 2021.

Para a súa realización faise preciso:

1. CONTRATAR UN SERVIZO DE SEGURIDADE PARA A VIXIANZA DAS INSTALACIÓNS para as horas nocturnas, durante o tempo que o mesmo permanece pechado.
2. MERCAR ELEMENTOS DECORATIVOS E EXPOSITORES para a exhibición dos produtos, así como ambientación dos espazos exteriores e zonas verdes nos que se sitúa. (Prazas Independencia e España).

### 3. CONTRATAR UN SERVICIO DE FIO MUSICAL PARA AS DUAS PRAZAS NAS QUE SE SITUA O Mercado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento total para a realización do Mercado de Nadal 2021, por un importe aproximado de ONCE MIL CINCOCENTOS TRES CON SESENTA E CATRO EUROS € IVE INCLUIDO (11.503,64 IVE incluído), coa seguinte desagregación:

RAZÓN SOCIAL	CIF	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
SASEGUR S.L	B 78976263	Seguridade	4311-22799	3.989,99 € IVE incluído, para o período de 3 decembro a 20 de decembro de 2021 2.750,15 € IVE incluído polo servizo prestado de 21 de decembro ata a data final do mercado
CARLOS GALBAN ZARAGOZA	35449729 J	Fío Musical / duas Prazas	4311-203	2.208,25 € IVE incluído pola prestación do servizo ata o 20 de decembro de 2021 55,25 € IVE incluído, polo servizo prestado do 21 de decembro ata a data final do mercado
Outro material funxible		Dec.interior, expositores....	4311-22199	2.500,00 € IVE incluído con cargo ao exercicio 2021
TOTAL				11.503,64 € IVE incluído

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/4071**

En sesión de XGL de data 2 de agosto de 2021 (PRP2021/2783), acórdase aprobar a convocatoria das bases de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes nos obradoiros de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia. Expte do obradoiro 36/00023/20.

En sesión de XGL de 27 de setembro de 2021 (PRP2020/3488), acordouse A APROBACIÓN, CON CARÁCTER PROVISIONAL, DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN FORMULADAS POLAS EMPRESAS:

- EMBALAXE SISTEMAS Y SERVICIOS EXPORT S.L. con CIF B94112711, con domicilio en Polígono industrial o pousadoiro nº: 13 - vilagarcia de arousa CP: 36600 Vilagarcia de Arousa e
- JORGE ABALO CORES (35462385E) con domicilio en Rúa Cantiño do Viñal 9 36611 Vilaxoán-Vilagarcía

O pago das subvencións quedaba condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión.

Dado que non consta que por parte das solicitantes da subvención se procedera á contratación de persoa algunha alumna participante no Obradoiro de Emprego, a Xunta de goberno Local acorda deixar sen efecto a retención de crédito acordada no seu día.

#### **PRP2021/4072**

Dáse conta da existencia de erros nos acordos de Xunta de Goberno Local de datas 1 de marzo e 25 de outubro de 2021, de aprobación gasto a favor de CARPALIA SL polo subministro de material para tarefas de mantemento nas casetas de madeira utilizadas no Mercado de nadal, figurando nos mesmos por un importe total de 272,25 € e debendo figurar por un importe de 302,50 EUROS ( IVE INCLUÍDO), correspondente ao custo do material subministrado máis os gastos de envío. (partida 4311.22199).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

### **PRP2021/4076**

Dáse conta á XGL que, no prazo establecido na orde de 24 de setembro de 2021 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais 2022 e á vista do contido da Lei 13/2006 de 27 de Decembro, reguladora dos horarios comerciais na CCAA de Galicia, pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Vilagarcía solicitouse á Dirección Xeral de Comercio autorización para apertura dos establecementos comerciais o vindeiro día 14 de agosto de 2022, en substitución do 8 de decembro do mesmo ano, delimitando como área de apertura o termo municipal de Vilagarcía de Arousa.

En aplicación do artigo mencionado, aos efectos de delimitar a devandita área de apertura, solicitouse emisión de informe previo favorable da Cámara de Comercio e organización empresariais e sindicais máis representativas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2021/4089**

Tendo en conta que unha das especialidades formativas do Obradoiro de Emprego OE FORME 2021, iniciado o 15 de outubro de 2021 é ATENCIÓN SOCIO SANITARIA E TELEASISTENCIA cos Certificados de Profesionalidade de NIVEL 2: Atención socio sanitaria a persoas no domicilio SSCS0108 e Xestión de chamadas de teleasistencia SSCG0111.

Pola Concellería de Promoción Económica propónse solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade a modificación do itinerario formativo desta especialidade, substituindo o certificado de profesionalidade de Xestión de chamadas polo certificado de Atención socio sanitaria a persoas en institucións.

Esta proposta ven motivada pola intención de mellorar o proceso de formación impartida neste obradoiro coa certeza de que, incluíndo este novo certificado de profesionalidade, completaríaase de maneira integral a formación recibida en materia de atención ás persoas dependentes e ampliaríase de maneira excepcional as posibilidades de inserción laboral dos alumnos/as desta especialidade, tamén nas distintas institucións adicadas ao coidado de persoas dependentes.

Para poder solicitar á Consellería o cambio do plan formativo do OE FORME 2021, é necesario contar coa colaboración dunha institución pública adicada ao coidado das persoas.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a sinatura dun convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vilagarcía para a realización de prácticas e obra na formación do certificado de profesionalidade de Asistencia a persoas en institucións do Obradoiro dual de emprego FORME 2021, para efectuar as prácticas non laborais e de obra no Centro de día de Vilagarcía, dependente do consorcio.

### **PRP2021/4108**

Vista a proposta do Director do obradoiro Dual de Emprego OE FORME 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Aselp Economistas SL para a impartición dun curso de Prevención de Riscos Laborais, de 60 horas de formación, para 10 alumnos/as traballadores/as do módulo de Mantemento de Redes Eléctricas e sistemas domóticos e inmóticos do Obradoiro dual de Emprego Forme 2021, por un importe total de 2.160,00 €, con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/4133**

Dase conta do escrito presentado pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA ABERTA o 30 de abril de 2021, acompañando a documentación xustificativa para o peche da edición BONOS SON DA CASA 2020.

A Asociación colaboradora presenta a documentación seguinte:

- Memoria xustificativa
- Balance e contabilidade
- Extracto bancario de todos os pagos abonados aos establecementos adheridos durante o período de 23 de novembro de 2020 a 22 de marzo de 2021.
- Xustificantes bancarios de axuste de bonos pendentes por valor de 55 € tal como reflicte o balance de transferencias, correspondente ao adianto (asumido pola Asociación) dos importes de 45€ e 10€ aos establecementos NOVA IMAXE e ALAMBIQUES, xa que a data 1 de marzo de 2021 a conta destinada ao aboamento dos bonos presentaba saldo cero.

Vista a documentación que se xunta pola entidade, conclúese o seguinte:

- Que na 2ª edición da campaña de bonos SON DA CASA 2020, obxecto de xustificación, emitíronse 3.750 bonos.
- Que polos bonos emitidos o Concello de Vilagarcía abonou un importe de 36.523,33 Euros.
- Constando acreditado que todos os bonos foron vendidos, a aportación cidadá por tal concepto ascende a un total de 75.000 €.
- A entidade Colaboradora acredita ter feito adianto de cantidades aos comercios por contía de 106,67 €.

Tendo en conta o antedito, con base nos documentos aportados e extractos bancarios que constan no expediente, conclúese que a diferenza entre pagos e ingresos se corresponde coa cantidade de 945 Euros, que a entidade colaboradora Zona Aberta pon a disposición do Concello, no seu escrito de xustificación final.

Do exame da documentación xustificativa, resulta igualmente que:

- A Entidade colaboradora reintegrou ao Concello, na conta facilitada a tal efecto, a cantidade de 945 €.
- A cantidade de 106,67 euros adiantada pola entidade colaborada, non foi compensada por esta, polo que procede por parte do concello a devolución de dita cantidade adiantada pola asociación.
- Consta na partida un crédito de 371,67 euros, correspondente á cantidade non aportada por parte do Concello á asociación
- Consta na partida a cantidade de 2.075 euros, correspondente a bonos non emitidos
- Consta na partida a 605 euros, correspondente a bonos non trocados.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Ter por efectuado por parte da Asociación Zona Aberta o reintegro da cantidade de 945,00 Euros, remanente da conta dos bonos.
- Recoñecer a obriga de aboamento a favor da entidade colaboradora Zona Aberta da cantidade de 371,67 euros e reintegrar á mesma a cantidade de 106,67 € que non foi debidamente compensada pola mesma, con cargo á partida 4311.470..
- Reintegrar á citada partida a cantidade de 2.075,00 € correspondente a bonos non emitidos.
- Reintegrar á citada partida a cantidade de 605,00 correspondente a bonos non trocados polos adquirentes.
- Ter por pechada a segunda edición de bonos son da casa 2020.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **SANIDADE**

#### **PRP2021/4107**

Dáse conta da solicitude de D. Juan Manuel Muñiz Álvarez titular da licenza municipal de auto-taxi nº 24, para substituír o vehículo adscrito ó servizo, matrícula 6386KTY (con taxímetro instalado) , polo de nova adquisición, matrícula 7060LTJ.

Dado que a documentación presentada, cumpre a normativa de aplicación e os requisitos esixidos no art. 21 do vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóviles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase aprobar a proposta de resolución da substitución solicitada, polo vehículo de cinco prazas, cor branca, "TOYOTA COROLLA" matrícula 7060LTJ (con Taxímetro instalado), número de bastidor SB1Z53BE70E086336 en substitución do utilizado ata o de agora; "PEUGEOT TRAVELLER" matrícula 6386KTY.

A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2021/4073**

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Campaña do 25N Día Internacional contra a Violencia de Xénero "En negro contra a violencia".

#### **PRP2021/4077**

Dáse conta de proposta da Área de Igualdade-CIM en relación coa elaboración e reparto de materiais da campaña do 25N-Día Internacional contra a violencia de Xénero, indicando que se produciu un erro na impresión por parte da Empresa Servicios Gráficos Pontevedra SI, polo que é necesario proceder a unha nova impresión.

A Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de 25 de outubro no relativo á aprobación do orzamento de Servicios Gráficos Pontevedra SL (B94191368), pola adquisición de 5000 pegatinas de PVC polo 25N: por importe de 907,50 €, con cargo á partida 2312.22602.

Acordase así mesmo aprobar os seguintes orzamentos, por un importe total de 1.217,26 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desagregación:

- Servicios Gráficos Pontevedra SL pola adquisición de 5000 pegatinas de PVC polo 25N + nova pantalla + pegatinas traballo anterior, por un importe total de 1.028,50 € (IVE incluído)
- Viñas Publicidade, pola distribución do material da campaña, por un importe total de 188,76 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2021/4241

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de novembro de 2021, de aprobación orzamento en relación cos actos en conmemoración do 25N-Día Internacional contra a Violencia de Xénero, figurando no mesmo:

...)

Para a realización destas actividades a Xunta de Goberno local acorda a aprobación dos orzamentos que se desagregan a continuación, por un importe total de 833,18 €, con cargo á partida 2312.2261.

E debendo figurar:

Para a realización destas actividades a Xunta de Goberno local acorda a aprobación dos orzamentos que se desagregan a continuación, por un importe total de 833,18 €, con cargo á partida 2312.22615.

A Xunta de Gboerno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

(Expte. IGUAL/2021/000030).

## CULTURA

### PRP2021/4087

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura en relación coa actividade de "Prendido de Luces de Nadal 2021), na que indica que para que este evento resulte máis atractivo para o público, sobre todo para o público infantil, ten previsto realizar a chegada de PAPÁ NOEL a Vilagarcía que coincide co prendido de luces o día 27 de novembro, que será presencial e así mesmo retransmitido vía Facebook e Youtube.

Así mesmo, como broche final para esta actividade de PRENDIDO DE LUCES DE NADAL 2021, para animar ao público familiar para o que está pensado vaise representar un espectáculo de pompas de xabón xigantes ao aire libre creado para o Nadal cheo de maxia e ilusión chamado "ESPECTÁCULO NOCTURNO POMPER"

O obxectivo e finalidade principal é animar ao nenos e nenas do noso municipio facendo que poidan ver a PAPÁ NOEL arrancando así a época de nadal en Vilagarcía.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento, por un importe total de 3.476,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 338.22799, coa seguinte desagregación:

PROVEEDOR	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE
CRISTINA DURÁN RECUNA	35476266P	Retransmitir vía Facebook e Youtube Prendido de Luces de Nadal, inclue: - produción - RRHH	1.815,00€ (IVE 21% incluído)
JORGE JESÚS LANA DÍAZ DE ESPADA	11421155-E	Espectáculo Nocturno Pomper	1.331,00€ (IVE 21% incluído)
ADEMAR SILVOSO ABAL	76867504D	(actor de presentación das lueces de Nadal 2021)	330,00 (IVE 10% incluído)
		TOTAL GASTO	3.476,00€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2021/4088

En Xunta de Goberno Local de data 28 de marzo de 2021 acordouse a prórroga dos Convenios Económico-Culturais entre o Concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a cabo a xestión de actividades nos Centros Socio-Culturais.

O importe establecido para cada un dos centros ascende a 1.800,00 €



A data establecida para presentar as solicitudes rematou o 30 de xuño de 2021.

Unha vez rematado o prazo, algúns dos Centros-Socioculturais non formularon a correspondente solicitude para o trámite de aprobación do gasto, quedando un sobrante na partida de 5.887,69 €. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda anular a cantidade sobrante de 5.887,69 € e o seu reintegro á partida orzamentaria 334.22703.

#### **PRP2021/4090**

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno Local de data 25 de outubro de 2021 acordou autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal a KOOXCENTER SL, o día 23 de decembro de 2021, para a represenatación de espectáculo titulado “CUENTO DE NAVIDAD”.

SEGUNDO: A valoración das taxas ascendía a cantidade 591,10€.

TERCEITO: A vista do escrito presentado por D. José M<sup>a</sup> Tella Doval, en representación de KOOXCENTER S.L., con nº rexistro WEB2021007655, no que informa que por motivos de non dispor de un equipo humano necesario non pode afrontar a campaña de Nadal coas suficientes garantías polo que se decide non realizar as funcións previstas.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda a anulación da autorización do Salón de Actos do Auditorio para o día 23 de decembro de 2021, e así mesmo anular as taxas establecidas por importe de 591,10€.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2021/4043**

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Vila Plan Ribas e/n de Ros Roca, S.L. solicitando ampliación do prazo de execución do contrato de subministro dun vehículo de carga traseira para a recollida e transporte de biorresiduo, fundamentada en que debida á escasez de materias primas para a fabricación de componentes eléctricos, deriva nunha fatla de suministros electrónicos. Esta falta de componentes tamen afecta á cadea de suministro do sector, dende a fabricación de chasis ata o carrozado final.

a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o exposto, o informe de Secretaría e os documentos obrantes no expediente, así como a necesidade de realizar unha serie de trámites e toma de acordos por parte do concello previos á xustificación, da subvención concedida para a compra do vehículo, acorda aprobar a ampliación do prazo de execución do subministro dun vehículo de carga traseira, sen compactación, para a recollida e transporte de biorresiduo, ata o 20 de decembro de 2021.

#### **PRP2021/4048**

Dáse conta de propòsta do Concelleiro Delegado de Deportes de incautación da garantía definitiva constituída pola Empresa DEGALLE CONSTRUCCIONES SA para responder da execución do contrato de obra denominado “SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DO PAVILLÓN DE FAXILDE” (CT 72/2018-e).

Con data 3 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o contrato de obra denominado “Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde”, á empresa Degalle Construcciones, S.A., formalizándose acta de recepción o 20 de xullo de 2020 (data da última sinatura).

O anexo I.A.22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación establece un período de garantía de 1 ano a contar dende a data de sinatura da acta de recepción positiva

da obra.

O 24 de marzo de 2021 emitiuse informe polo arquitecto municipal no que se pon de manifesto que se empezaron a manifestar perforacións e rasgadas no pavimento da instalación, isto foi motivado porque o pavimento foi retirado para realizar a obra do tellado e ó volver a estiralos quedaron parafusos e restos de ferro que formaron pequenas protuberancias e ó pisar produciron os furos e deixárono moi deteriorado.

Neste sentido informou tamén a Fundación Municipal de Deportes, no que o encargado de mantemento das instalacións deportivas indica que a pista estaba en boas condicións antes do inicio das obras da cuberta. A maior abundamento a dirección do Colexio Público de Faxilde trasladou informe no que se fai constar que con data 13 de marzo de 2020, último día en que se usou a instalación antes de empezar as obras, a superficie de xogo estaba en perfecto estado de uso e sen protuberancias nin roturas.

Mantida conversa entre o arquitecto municipal e o director de obra don Joaquín Lustres Carregal, este último confirma que se recolleu unha parte de pavimento durante as actuacións na cuberta. Efectuado, con data 08/04/2021 (notificado o 12/04/2021), un primeiro requirimento á empresa Degalle Construcciones, S.A. para que reparara, no prazo de 15 días, os danos producidos no pavimento do pavillón de Faxilde a raíz da execución das obras, a citada empresa presentou alegacións con data 23/04/2021, que foron respondidas e rexeitadas con data 29/04/2021 (notificación de data 07/05/2021), efectuándose en dita resposta un novo requirimento para que reparara os danos ocasionados no pavimento do citado pavillón no prazo de 15 días.

Fronte a este segundo requirimento, a empresa Degalle volveu a formular alegacións con data 11 de maio de 2021, que foron respondidas e rexeitadas o 27/05/2021 (notificación de data 03/06/2021), efectuándose un novo requirimento (o terceiro) para que reparara os danos ocasionados no pavimento do citado pavillón no prazo de 15 días. Con fecha 17/06/2021, Degalle Construcciones comunica que conta cun seguro de responsabilidade civil e que dou conta do sinistro á compañía de seguros (Mapfre) e que o técnico de dita compañía necesita ver o pavimento para valorar os danos, polo que solicita unha visita de inspección.

Segundo informa o director da obra, a visita realizouse o 26/06/2021.

Dado o tempo transcorrido dende entón, solicitouse informe ó director de obra, Sr. Lustres Carregal, que con data 03/11/2021, indica o seguinte:

“Una vez realizada el Acta de Recepción de la obra de referencia en julio de 2020, se detectaron una serie de incidencias en el pavimento de la pista del pabellón como consecuencia de las obras realizadas, emitiendo informe el arquitecto municipal en fecha 24/03/2021 en el que se indicaba que existían perforaciones y rasgadas en el pavimento de la instalación, manteniendo una reunión con la empresa en el concello en fecha 15/06/2021, el arquitecto municipal y la dirección de obra.

Durante la obra, por parte de la empresa adjudicataria, fue retirada una pequeña parte del pavimento de la pista con la finalidad de usar las plataformas elevadoras, para ello por parte de los operarios de la empresa se enrolló aproximadamente entre una quinta y una cuarta parte de su longitud empezando por la parte en la que se ubican los vestuarios; dada la dificultad que suponía enrollar todo el pavimento, se decidió por parte de la empresa, emplear plataformas elevadoras que pudieran moverse sobre el pavimento de la pista sin dañarlo.

La obra se desarrolló empleando dos plataformas elevadoras que se movieron por toda la pista, zona de vestuarios y laterales exteriores del pabellón. El tramo de pavimento enrollado inicialmente se mantuvo enrollado durante toda la obra y una vez finalizada la obra fue estirado por los propios operarios de la empresa adjudicataria.

Posteriormente se observó que en la zona en la que se había enrollado el pavimento se

apreciaban una serie de protuberancias en el pavimento de manera aleatoria, produciéndose en algunos de los puntos el desgarrado del pavimento; por ello se convoca una reunión con la empresa adjudicataria.

En fecha 26/06/2021 se realiza una visita al pabellón, asistiendo a la misma el arquitecto municipal, la dirección de obra, un representante de la Fundación Municipal de Deportes, los representantes de la empresa acompañados de un perito de su compañía de seguros, procediéndose, durante la visita, a levantar unas pequeñas zonas de pavimento que se había enrollado y comprobándose que bajo el pavimento existían restos metálicos procedentes de la obra consistentes principalmente en tornillería. Por lo tanto, por parte de los operarios no se procedió a una correcta limpieza de la base antes de desenrollar el pavimento, por lo que los restos metálicos existentes sobre la base impedían el correcto asiento de la superficie del pavimento sobre su base, produciendo su rotura.

Por parte de la dirección de obra, no se ha vuelto a tener noticias de la empresa adjudicataria.

A día de hoy el pavimento se encuentra sin reparar.”

A cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación indica que: “Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados ó Concello ou a terceiras persoas pola súa persoa, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos ou operacións que requira a execución da obra, agás que tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, sendo neste caso responsable dentro dos límites establecidos na Lei.

Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.”

Pola súa banda o artigo 110 da lei 9/2017 LCSP, fixa as responsabilidades ás que están afectas as garantías, establecendo nos seus apartados c) e e) o seguinte:

“c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

Nos tres requirimentos efectuados a Degalle Construcciones, S.A. se lle requiriu para que no prazo de 15 días levaran a cabo os traballos (reparacións/reposicións) necesarios para resolver as deficiencias detectadas e plasmadas nos informes técnicos, advertíndolle que no caso de que transcorrido o citado prazo de 15 días non se levaran a debido efecto estes traballos os mesmos serían realizados subsidiariamente polo Concello, con cargo á garantía definitiva depositada pola citada mercantil para responder polo correcto cumprimento do contrato asinado no seu día.

Solicitouse presuposto á empresa Medulio Servicios y Obras, S.L. para proceder á reparación do pavimento danado, ascendendo o mesmo á cantidade de 1.929,95 € (IVE incluído)

A garantía definitiva constituída por Degalle Construcciones, S.A. mediante aval do Banco Santander, S.A. (sucursal 7826, situada na R/ Castelao, 23. O Grove –Pontevedra-) ascende a 2.290,91 €.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Iniciar expediente para a incautación da fianza depositada por Degalle Construcciones, S.A. (CIF A94140977) para responder da execución da obra denominada “Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde”, por importe de 1.929,95 €, para responder dos danos

ocasionados no pavimento do citado pavillón con ocasión da execución da obra indicada.

2.- Dar audiencia ó contratista (Degalle Construcciones, S.A.) e ó avalista (Banco Santander, S.A. , sucursal 7826, situada na R/ Castelao, 23. O Grove -Pontevedra-), por un prazo de 10 días.

3.- Dar conta á Sra. Tesoureira Municipal do inicio do expediente de incautación de fianza depositada por Degalle Construcciones, S.A. para responder da execución da obra denominada “Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde”, por importe de 1.929,95 €, para responder dos danos ocasionados no pavimento do citado pavillón con ocasión da execución da obra indicada.

4.- Dispoñer a execución subsidiaria da reparación dos danos ocasionados no pavimento do pavillón de Faxilde, mediante a adxudicación á empresa Medulio Servicios y Obras, S.L. dos traballos de reparación do mesmo, que ascenden, segundo presuposto adxunto a 1.929,95 € (IVE incluído) e un prazo de execución de dous días.

### **PRP2021/4109**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 3 de agosto de 2020, aprobou o proxecto de “Rede de vías ciclistas de Vilagarcía de Arousa: Fase II A”, redactado polo Estudio de Arquitectura MC, cun orzamento de execución por contrato (IVE incluído) de 488.766,03€.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2021 adxudicouse o contrato denominado “Rede de vías ciclistas de Vilagarcía de Arousa: Fase II A”, a mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., por importe de 306.993,54 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 64.468,64 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 371.462,18€.

O consecuente contrato administrativo foi formalizado o 15 de abril de 2021 e asinada a acta de comprobación de reformulo con data 10 de maio de 2021.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de setembro de 2021, autorizouse ao director de obra á redacción dun proxecto modificado por importe de 446.184,59€, a prezos de adxudicación, é dicir unha vez aplicada a baixa obtida na adxudicación do contrato.

Preséntase neste momento proxecto modificado nº 1, por importe de 587.084,98€ (IVE incluído), o que supón un incremento de 98.318,95€ (+20,12%), sobre o importe do proxecto (IVE incluído). Unha vez aplicada a baixa obtida na adxudicación do contrato (24%), o importe do proxecto modificado elévase a 446.184,58€, é dicir un incremento de 74.722,40€, sobre o importe de adxudicación (IVE incluído) de 371.462,18€.

A dirección facultativa fai constar que as modificacións propostas non se atopan previstas nos pregos que rexen a licitación e teñen a súa base en causas sobrevindas.

No presente caso, a modificación supón un incremento do 20,12%, polo que debe contar, con carácter previo á súa aprobación, coa conformidade do contratista, Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.

O Sr. Arquitecto municipal emitiu informe técnico favorable con data 9 de novembro de 2021, no que indica que as novas actuacións propostas e o novo orzamento están dentro das marxes admitidas polo artigo 205 da vixente LCSP.

Dáse conta de informe favorable da Secretaria Xeral en base ao indicado polo arquitecto municipal no seu informe de supervisión e na memoria xustificativa do contrato modificado exposto.

O prezo de contrata do proxecto modificado (aplicando o coeficiente de baixa de adxudicación) ascende a 368.747,59€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 77437,00€, o que supón un importe de 446.184,59€ (IVE incluído), é dicir, un incremento de 74.722,41€, sobre o importe de adxudicación (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación nº 1 do proxecto de "Rede de vías ciclistas de Vilagarcía de Arousa: Fase II A", redactado por el Director de Obra don Alexandre Mouriño Fernández, polo importe indicado.

De acordo co establecido no artigo 109.3 da LCSP procede o reaxuste da garantía depositada polo adxudicatario do contrato, na contía correspondente ao 5% do aumento producido como consecuencia do modificado, (IVE excluído)

#### **PRP2021/4127**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 27 de setembro de 2021, adxudicouse o contrato de obra denominado "RENOVACIÓN DOS SERVIZOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA SOBRÁN", á mercantil MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de outubro de 2021, nomeouse ao enxeñeiro técnico, ao servizo do Concello, don Óscar Álvarez González, director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra "Renovación dos servizos de humanización da rúa Sobrán".

Dada a carga de traballo que soporta, nestes momentos, o Sr. Álvarez González, non pode asumir a responsabilidade da coordinación de seguridade e saúde da obra de referencia, e faise necesario o nomeamento doutro profesional, mantendo aquel técnico a dirección de obra.

Solicitada oferta ao enxeñeiro industrial don Miguel Ángel Fariñas Martín, este oferta un prezo 4.800,00€ (IVE excluído).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Deixar sen efecto o nomeamento efectuado a favor de don Óscar Álvarez González, como coordinador de seguridade e saúde, en fase de execución, da obra "Renovación dos servizos de humanización da rúa Sobrán", adoptado na Xunta de Goberno Local de data 13 de outubro de 2021, manténdose a designación como director de obra.
2. Adxudicar a don Miguel Ángel Fariñas Martín o contrato de servizos de coordinador de seguridade e saúde, en fase de execución, da obra "Renovación dos servizos de humanización da rúa Sobrán", por uin importe de 4.800,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.008,00€, o que totaliza un orzamento de adxudicación (IVE engadido) de 5.808,00€.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

#### **PRP2021/4047**

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° TRES (2021/7780), derivada da execución do contrato de obras "REFORMA INTERIOR DO CENTRO SOCIOCULTURAL E DE REMO DE VILAXOAN ", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2021/7686), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado OBRA(2) N° 01/08/2018 por importe de 3.789,83€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

O recoñecemento de obriga para certificación de obra N° TRES (2021/7780), derivada da execución do contrato de obras "REFORMA INTERIOR DO CENTRO SOCIOCULTURAL E DE REMO DE VILAXOAN ", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2021/7686), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado OBRA(2) N° 01/08/2018 por importe de 3.789,83€, co seguinte desglose:

REG.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
2021/778	TRES	14/10/202	3.789,83€	ACTIVIDADES DE	CERT. TRES. REFORMA INTERIOR DO	334	63200

**PRP2021/4068**

Visto o expediente de gasto INT/2021/672 integrado pola relación de xustificantes F/2021/147 por importe de 326.692,50€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

O Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2021/147, por importe de 326.692,50€ co seguinte desglose:

Nº Factura	Registro Documento	Fecha Doc.	Importe	Aplicación	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2021/7099D-	16/2021	31/08/2021	300,00	2021 48401	2313 EMPRESA PEREIRA, S.L.	RECARGAS BONO BUS XUBILADO MES DE AGOSTO 2021. SUBVENCIÓN CO TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS ( PERSOAS MAIORES).
F/2021/7269	VEN/2021/0017	01/10/2021	4.207,90	2021 135 213	CONSULTORIA INFORMATICA TECNOLOGICA NORORESTE, S.L.	Y[GESPAR-ANUAL-USER] Cuota anual DELusuario GesParques
F/2021/73331	580	30/09/2021	170,11	2021 135 214	JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L.	DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 / NUMERO DE ALBARAN 1230 DATA DE ALB
F/2021/733602148000029221F		30/09/2021	1427,12	2021 22700	323 CLECE, S.A.	Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protocolo
F/2021/733602148000029221F		30/09/2021	1427,12	2021 22700	323 CLECE, S.A.	Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protocolo
F/2021/733702148000026821F		30/09/2021	2.705,04	2021 22700	323 CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Septiembre de 2021Importe servizo
F/2021/734302148000027821F		30/09/2021	1.609,31	2021 22700	3261 CLECE, S.A.	Servizo de limpeza CONSERVATORIO Septiembre de 2021Importe servizo
F/2021/735202148000027621F		30/09/2021	1462,99	2021 22700	135 CLECE, S.A.	Servicios de limpieza de EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Septiembre de 2021Importe servizo
F/2021/7365202100 833		05/10/2021	1145,20	2021 22799	334 PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U.	TRATAMIENTO DE FUMIGACIÓN CONTRA XILOFAGOS EN CAMARA DE TRATAMIENTO ( SEGÚN ORDEN DE COMPRA N° 12186 DE LOS SIGUIENTES
F/2021/7565FQ FQ0006163		30/09/2021	1183,60	2021 22699	3261 PONTEVICUS, S.L.U.	PAÑUELOS FACIALES 2 CAPAS IFA SABE C/150 / BOBINA SECAMANOS GLAMOUR 3X150 M. / LIMPIADOR MULTIUSOS SANYTOL PISTOLA 750
F/2021/762721305		30/09/2021	1191,95	2021 135 213	PADIN SILVA, FRANCISCO	REPARACIÓN MOTOR B&S E EMERXENCIAS.
F/2021/7672032321 -1064		07/10/2021	112,12	2021 132 214	NEUS J. SANTORUM, S.L.	PINHAZO TURISMO MATRICULA 0910JGR
